

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------------|----------|---------------|
| 15006742 | IES Concepción Arenal | Ferrol | 2023/2024 |

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro | 3 |
| b) A contribución á adquisición das competencias clave | 5 |
| c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais | 6 |
| d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía | 6 |
| e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos | 6 |
| f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso | 6 |
| g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias | 7 |
| h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso | 7 |
| i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso | 7 |
| j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación | 8 |
| k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso | 10 |
| l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas | 10 |
| m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas | 11 |
| n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular | 11 |
| o) Outros apartados | 12 |

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

O IES Concepción Arenal é un centro público no que se imparten ensinanzas de ESO e Bacharelato (diurno e nocturno) e ciclos Formación Profesional.

O centro escolariza na ESO a alumnado procedente principalmente de centros de Educación Primaria adscritos.

En Bacharelato, aproximadamente un carto do alumnado cursou ESO neste centro, o restante procede de diferentes centros da comarca.

No presente curso temos tres grupos de 1º ESO, tres grupos de 2º ESO, catro grupos de 3º ESO e tres grupos de 4º ESO. Oito grupos de 1º de bacharelato e oito de 2º Bacharelato nas modalidades de Ciencias e Ciencias Sociais e Humanidades e Artes.

Un ciclo de grado medio de operacións de laboratorio e outro ciclo de grado superior de química e saúde ambiental.

O número total de alumnado matriculado no centro é de 788 alumnos. ESO 281 alumnos, Bacharelato 454 alumnos, Ciclos 55 alumnos.

Persoal que presta servizo no centro

Persoal docente: 76 profesoras/es dos cales 54 teñen destino definitivo no centro.

Persoal non docente: 3 administrativas, 4 subalternos, 5 limpadoras.

O centro ten unha elevada demanda por parte do alumnado o que fai que as clases estean no límite da ratio na maioría de niveis.

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que les permitan:

a) Asumir responsablemente seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercizo da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexucios de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e utilización.

f) Concebir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos de coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e na lingua galega, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou mais linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como por los dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madurez personal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de xéneros, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e ensinanza do papel das mulleres na historia e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnico, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou creencias, orientación sexual ou identidade de xénero ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e a lingua galega.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora da súa contorna social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto hacia o medio ambiente.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecero benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.
- n) Afianzar atitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.
- o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sostible.

FORMACIÓN PROFESIONAL

Os obxectivos xerais da formación profesional están recollidos no artigo 3 do decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación da formación profesional do sistema educativo de Galicia.

1.- As ensinanzas de formación profesional teñen por obxecto conseguir que os alumnos e as alumnas adquiren as capacidades que lles permitan:

- a) Desenvolver a competencia xeral correspondente á cualificación ou cualificacións obxecto dos estudos realizados.
- b) Comprender a organización e as características do sector produtivo correspondente, e os mecanismos de inserción profesional.
- c) Coñecer a lexislación laboral, e os dereitos e as obrigas que derivan das relacións laborais.
- d) Aprender por si mesmos e traballar en equipo, así como formarse na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- e) Traballar en condicións de seguridade e saúde, e previr os posibles riscos derivados do traballo.
- f) Desenvolver unha identidade profesional motivadora de futuras aprendizaxes e adaptacións á evolución dos procesos produtivos e ao cambio social.
- g) Afianzar o espírito emprendedor para o desempeño de actividades e iniciativas profesionais.
- h) Lograr as competencias relacionadas coas áreas prioritarias referidas na Lei orgánica 5/2002, do 10 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.
- i) Facer realidade a formación ao longo da vida e utilizar as oportunidades de aprendizaxe a través de distintas vías formativas para manter a actualización nos ámbitos social, persoal, cultura e laboral, conforme as súas expectativas, as súas necesidades e os seus intereses.

2.- Así mesmo, a formación profesional fomentará a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres para accederen a unha formación que permita calquera tipo de opcións profesionais, así como o seu exercicio.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

As competencias clave son desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea, do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente, e aparecen recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico. Así mesmo, eses desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias clave son:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

O currículo de cada área ou materia incluírá, xunto aos obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, una descrición da contribución da mesma á adquisición das competencias básicas. As áreas e materias do currículo constitúen o marco de organización concibido para alcanzar os obxectivos educativos e, consecuentemente, para que os alumnos adquiran as competencias básicas. Con todo, non existe unha relación unívoca entre o ensino de determinadas áreas ou materias e o desenvolvemento de certas competencias básicas. Como norma, cada unha das áreas ha de contribuír ao desenvolvemento de diferentes competencias e, á súa vez, cada unha das competencias clave alcanzarse como consecuencia do traballo en varias áreas ou materias. Unicamente deste xeito pódese garantir que as aprendizaxes colaboren efectivamente ao desenvolvemento das competencias, na medida en que se integren na estrutura global do coñecemento e facilítase a súa aplicación a unha ampla variedade de situacións.

O traballo nas áreas e materias do currículo non é o único modo de contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas. As competencias, particularmente as que teñen un carácter máis xeral, requiren tamén doutras actuación dos centros, imprescindibles para o seu desenvolvemento. Así, por exemplo, a organización e o funcionamento dos centros, a participación do alumnado, as normas de organización e funcionamento ou o uso das instalacións poden favorecer ou dificultar o desenvolvemento de competencias asociadas á convivencia, á cidadanía ou á alfabetización dixital. A concepción, a organización e o funcionamento da biblioteca escolar pode á súa vez colaborar naquelas asociadas á comunicación, ao aprender a aprender ou, tamén, á alfabetización dixital. Igualmente, a acción tutorial contribúe de modo determinante á adquisición de competencias relacionadas co aprender a aprender ou as habilidades sociais. Por último, a planificación das actividades complementarias e extraescolares pode influír no desenvolvemento de múltiples competencias básicas.

As competencias básicas están relacionadas co currículo e a organización do centro.

Respecto do currículo:

- Son unha referencia en todos os niveis de decisión sobre o currículo
- Forman parte dos ensinos mínimos da educación obrigatoria,
- Constitúen un referente da promoción de ciclo en primaria e da titulación na educación secundaria obrigatoria.
- Serven de referencia nas avaliacións de diagnóstico.
- Deben incluírse no currículo para facilitar a toma de decisións sobre a selección de obxectivos, contidos e criterios de avaliación, a importancia relativa de cada un deles, a orientación metodolóxica e a avaliación.
- A metodoloxía non é indiferente, favorece ou dificulta a adquisición de Competencias: débese potenciar o saber facer, a selección e variedade das actividades de aprendizaxe adecuadas, a integración de coñecementos, destrezas e actitudes.

Respecto da organización:

- Están incluídos nos documentos de planificación do centro: PE, CC, PXA e programacións.
- Forman parte da Titoría/Orientación: Formas de traballo, hábitos, relación cos demais, imaxe dun mesmo, etc.
- Están presentes na normas de organización e funcionamento: Formas de tomar decisións, papel dos alumnos, reacción ante os conflitos, etc.
- Guían as actividades complementarias e extraescolares: utilización de aprendizaxes, integración de coñecementos, relación con outros, etc.
- Orientan a programación dos recursos educativos: biblioteca, aulas de informática, polideportivo...

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

O Artigo 18 do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, e o Artigo 19 do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establecen os elementos transversais do currículo. Sen prexuízo do seu tratamento específico nas materias da etapa os criterios para incorporalos serán:

1. Que sexan traballados desde a interdisciplinabilidade.
2. Que pretendan unha educación integral da persoa nos seus diferentes ámbitos da personalidade.
3. Que faciliten que o currículo escolar se achegue á vida, ao medio ou contorna, introducándose en problemáticas, realidades cotiás, etc., levando a cabo reflexións e compromisos activos.
4. Que provoquen cambios de conduta persoal e transformacións na contorna.
5. Que sexan tratados desde cada materia.
6. Que estean implicados todos os membros da comunidade educativa para propiciar un cambio cualitativo.
7. Que sexan incluídos en todas as actividades educativas organizadas no centro.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

A metodoloxía empregada será activa e propiciará unha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa para elo deberá:

1. Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
2. Posibilitar que os alumnos realicen aprendizaxes significativas por si sós.
3. Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñan sentido para o alumnado, co fin de que resulten motivadoras e que se acheguen á vida, ao medio ou contorna, introducándose en problemáticas e realidades cotiás.
4. Ter en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os distintos intereses e motivacións.
5. Presentar actividades que pretendan unha educación integral da persoa tendo en conta os principios do DUA, os elementos transversais do currículo e os ODS.
6. Avaliar todos os aspectos do proceso educativo e permitir a retroalimentación, a chegada de informacións precisas que permitan reestruturar a actividade no seu conxunto.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Os materias e recursos didácticos serán establecidos por cada Departamento destacando a utilización das novas tecnoloxías. Ademais utilizarase a Aula Virtual como medio de comunicación entre o alumnado e o profesorado e para ver e facer as tarefas.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

No IES Concepción Arenal impártese a ESO e Bacharelato nas modalidades de Ciencias e Ciencias Sociais-Humanidades, e Artes. Así como os ciclos formativos de grado medio de operacións de laboratorio e outro ciclo de grado superior de química e saúde ambiental.

Na ESO e no Bacharelato o alumnado pode escoller no sobre de matrícula as optativas que marca a normativa aínda que só serán impartidas aquelas materias que teñan o número mínimo de matrícula legalmente esixido.

Ademais das preferencias do alumnado, procurarase que a oferta educativa do centro sexa coherente e que permita continuar estudos posteriores con garantías.

Para facilitar a elección, o alumnado recibirá orientación sobre a oferta educativa do centro por parte do Departamento de orientación, o profesorado titor ou xefatura de estudos segundo corresponda.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Todas as actividades extraescolares e complementarias deberán respectar os principios legislativos de voluntariedade para o alumnado, ausencia de lucro e non discriminación.

Deberán incidir nos obxectivos educativos relativos ao último dos principios referidos no parágrafo anterior: a non discriminación por xénero, situación económica ou procedencia, ademais de posuír un carácter claramente inclusivo.

Deberán ademais, tratar sobre algúns dos contidos transversais propostos na lei: educación e conciencia cidadá, respecto polas diferencias culturais, perspectiva de xénero e sostenibilidade medioambiental.

Fomentarase a interdisciplinaridade sempre que sexa posible. Intentarase, deste xeito, implementar un dos obxectivos primordiais da LOMLOE: o traballo por proxectos e a relación entre diversas materias.

Toda actividade extraescolar deberá levar asociado un feedback de avaliación, concretado nunha valoración da actividade en termos de interese, valor educativo e de conciencia social e cidadá.

Fomentarase a crítica respectuosa e produtiva da actividade, coa fin de mellorar o espírito crítico do alumnado.

Por último, procurarase a participación na xestión das actividades por parte do alumnado, tanto no que se refire á súa opinión previa sobre a idoneidade das mesmas como á súa participación na organización das actividades, sempre que isto sexa posible.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

De acordo coa ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

Os apartados que deben ser contemplados para desenvolver unha correcta resposta educativa a esta necesidade:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Resultados académicos do curso anterior.
- c) Actuacións e medidas de atención á diversidade no curso actual.
- d) Plan específico de recuperación de cada unha das materias.
- e) Criterios de cualificación.
- f) Seguimento e resultados obtidos nos diferentes trimestres.
- g) Información á familia do Plan Personalizado.

Serán os Departamentos os que decidan que docente se ocupará de cada nivel (o que imparte a materia no curso pendente ou o que imparte docencia no curso actual). Neste caso será de aplicación o disposto no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, polo que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

O plan de pendentes elaborado polo profesorado deberá seguir directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias.

O plan debe ser deseñado na primeira quincena de setembro.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

De acordo coa ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do

alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O modelo cos apartados que deben ser contemplados para desenvolver unha correcta resposta educativa a esta necesidade:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Resultados académicos do curso anterior.
- c) Aspectos relevantes que favorecen ou dificultan a aprendizaxe
- d) Actuacións e medidas de atención á diversidade no curso actual.
- e) Profesionais que participan no plan específico de recuperación para o alumnado repetidor.
- f) Actuacións no ámbito curricular (áreas con cualificación negativa).
- g) Actuacións no ámbito curricular (áreas con cualificación positivas).

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

ESO

1. Ao finalizar o curso, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do decreto 156/22, das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
- c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
- d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

BACHARELATO

1. Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.

2. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

3. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros docentes organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes no marco organizativo que estableza a consellería con competencias en materia de educación e tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

4. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

5. A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo VI do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade.

Non obstante, o alumnado poderá matricularse de materias troncais de opción ou específicas de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións nas que acadou a promoción a segundo.

6. As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgúns materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir

o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivera superado previamente.

Ciclos Formativos

O alumnado poderá formalizar a matrícula no segundo curso cando teña superados todos os módulos do primeiro curso ou se a suma da duración do módulo ou dos módulos pendentes non supera as 300 horas.

En todo caso, cando un alumno ou unha alumna non logren a promoción deberán repetir os módulos profesionais non superados, para o cal deberán formalizar a matrícula no mesmo curso e se incorporarán ao grupo de alumnado correspondente.

O alumnado que, logo da repetición de primeiro curso no mesmo centro, non obtiver avaliación positiva para a promoción ao segundo curso ou que, despois da repetición do segundo curso no mesmo centro, non conseguise titularse por ter módulos pendentes de primeiro e/ou de segundo, poderá completar os módulos profesionais non superados e, así, concluír os seus estudos solicitando a admisión noutro centro. Non obstante, poderase formalizar unha terceira ou unha cuarta matrícula do mesmo curso no mesmo centro, sempre que existan prazas dispoñibles e non haxa listaxe de espera.

Para a realización do módulo de Formación en Centros de Traballo, é necesaria a avaliación positiva en todos os restantes módulos profesionais que compoñen o ciclo formativo.

O alumnado de 2º curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter módulos pendentes de 1º e/ou 2º curso poderá recuperalos neste mesmo período. Para este fin, o equipo docente asignaralle unha serie de actividades de recuperación para os módulos non superados, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.

Se o/a alumno/a non superou positivamente o módulo abandonará a empresa sen poder realizar a FCT ata que teña superado o citado módulo.

CRITERIOS DE TITULACIÓN

ESO

A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa.

Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
- Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

BACHARELATO

Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
- Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

Ciclos Formativos

A superación dun ciclo formativo requirirá a avaliación positiva en todos e cada un dos módulos profesionais que o compoñen.

O alumnado que non supere na súa totalidade as ensinanzas do ciclo formativo recibirá un certificado académico dos módulos profesionais superados, que terá efectos de acreditación parcial acumulable das competencias profesionais adquiridas.

A nota final do ciclo formativo será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada un dos módulos, expresada con dous decimais. Os módulos profesionais validados ou exentos non se computarán para os efectos do cálculo da cualificación final do ciclo formativo.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

ESO

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

No caso de que o número de alumnos que cumpra o anterior requisito supere o 5% do total do alumnado deste curso, aplicaranse os seguintes criterios:

1. O alumnado que obteña maior nota media no 4º curso de ESO.
2. En caso de empate, utilizarase a nota media de toda a ESO.

BACHARELATO

1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnos ou alumnas igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

En caso de que o número de alumnos que cumpra o anterior requisito supere o 5% do total do alumnado deste curso, aplicaranse os seguintes criterios:

1. O alumnado que obteña maior número de materias con cualificación 10 nas materias troncais obrigatorias e nas materias troncais de opción, na modalidade elixida de segundo curso. As materias troncais de opción cursadas como específicas non se terán en conta.
2. En caso de empate, terase en conta a nota media ponderada, segundo a carga horaria, de todas as materias de segundo de bacharelato.
3. Se houber un segundo empate, utilizarase a nota media de todo o bacharelato.

CICLOS FORMATIVOS

Segundo a Resolución do 7 de xullo de 2023, da Secretaría Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2023/24, no punto vixésimo se indica: Consonte ao establecido no artigo 26.4 da Orde do 12 de xullo de 2011, os alumnos e alumnas que obteñan unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou da alumna.

O criterio para obter a matrícula de honra en caso de ter varios casos de alumnado con cualificación superior a nove será a maior nota final do ciclo contando ata 2 cifras decimais.

En caso de empate, seguiranse os seguintes criterios por orde de aplicación.

- a) Maior nota media en 2º curso do ciclo formativo
- b) Maior nota media en 1º curso do ciclo formativo
- c) Maior número de módulos calificados con 10 no 2º curso do ciclo

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

1. As programacións didácticas deberán estar rematadas ante do comezo das clases.

2. Para a ESO e o bacharelato, a lexislación vixente establece que os departamentos didácticos dos centros docentes desenvolverán o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia de cada curso que teña encomendados. Esta programación é o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante de cada departamento.

Cada un dos departamentos didácticos deberá elaborar a programación de cada unha das materias ou ámbitos que teña asignados. A xefatura de cada departamento deberá coordinar e responsabilizarse da súa redacción final.

Os Xefes/as de Departamento entregarán as programacións e/ou as correspondentes modificacións en formato electrónico antes do comezo das actividades lectivas de cada curso escolar ou, no seu caso, dentro do prazo acordado, se fose distinto.

Este curso 2023-24 a aplicación Proens incorpora os cursos pares que deberán ser elaborados nesa aplicación, a Dirección e a Xefatura de Estudos velarán para que esté completamente pechada e entregada antes do 20 de setembro para os cursos impares e o 1 de decembro para os cursos pares.

O cambio de profesorado non debe implicar unha nova programación, senón que todo profesor/a que se incorpore a un departamento debe adaptarse á programación vixente.

O profesorado informará ao alumnado das programacións docentes da súa materia ou ámbito. Esta información básica incluíra os estándares mínimos avaliábeis e os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e cualificación.

Así mesmo, as programacións estarán a disposición das familias na Páxina Web do centro.

3. Para a elaboración da programación didáctica dos Ciclos Formativos emprégase a aplicación informática existente no portal de FP: <https://www.edu.xunta.es/programacions>.

De acordo co artigo 77 da Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, corresponde á comisión de coordinación pedagóxica, establecer as directrices xerais para a elaboración e revisión das programacións didácticas, velar polo seu cumprimento, así como elaborar os protocolos para avaliar o resultado do seu desenvolvemento

É competencia dos departamentos a elaboración, a fin de curso, dunha memoria na que se avalíe o desenvolvemento da programación didáctica e os resultados obtidos, de acordo coas directrices fixadas pola comisión de coordinación pedagóxica.

Os departamentos fan o seguimento mensual da programación didáctica e establecen as medidas que, se é o caso, se estimen necesarias por desaxustes no seu desenvolvemento, resultados pouco satisfactorios e/ou circunstancias non contempladas inicialmente.

Á vista das actas ou informes os departamentos, despois da avaliación de xuño recollerán nunha memoria para cada materia, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente.
- b) Avaliación da programación didáctica.
- c) Modificacións introducidas durante o curso e xustificación das mesmas.
- d) Análise dos resultados das avaliacións finais do alumnado en relación cos cursos anteriores.
- e) Propostas de mellora para a programación do curso seguinte.
- f) Actividades complementarias e extraescolares realizadas e a súa valoración.

A súa redacción corresponde ao xefe de departamento quen, unha vez aprobada, a entregará en formato electrónico ao xefe de estudos, segundo as indicacións e prazo que estableza a dirección.

A dirección incorporará as memorias e os seus anexos á Memoria Anual do centro que se remitirá, antes do 10 de xullo ao Servizo Territorial de Inspección Educativa.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

A comezo de curso o equipo directivo informará dos posibles proxectos, plans e programas nos que pode participar o profesorado e o alumnado. Darase prioridade aos proxectos, plans e programas cuxa finalidade sexa a solución e/ou traballo naquelas problemáticas máis importantes sinaladas nas memorias dos departamentos e do centro dos cursos anteriores.

Unha vez analizados estes proxectos nos departamentos correspondentes, comunicarán a súa disposición a coordinar e participar nos mesmos.

Os criterios de participación do centro en proxectos, plans e programas serán os seguintes:

- Que estén en consonancia coas liñas do centro recollidas no PE
- Que a súa participación sexa consensuada e aprobada en CCP
- Que a súa participación sexa aprobada en Consello Escolar
- Que o número de Departamentos implicados sexa suficiente como para desenvolver a súa participación nos mesmos de forma satisfactoria.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

A concreción curricular será avaliada anualmente polo Claustro de profesores. As propostas de valoración e de modificacións, se as houberse, serán presentadas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica ao Claustro de profesores no mes de setembro, para a súa discusión.

A concreción curricular será aprobada polo Claustro de profesores.

o) Outros apartados

1. Outros apartados

Non hai